

## O CONTO DA VÁLVULA DE ESCAPE

A vida mete presión, presión familiar, presión laboral, presión mediática, presión política, ata presión de ti mesmo, e, ás veces, lágome pola tanxente unas horiñas, se podo, pintando cadros como estes, desde hai moitos anos. Son o único responsable. Pero para montar este “sarao”, teño que dicir que actuaron varios cómplices necesarios, e por tanto, tamén responsables.

Meu pai, por meterme o sarillo de pintar, desde pequeno, imitándoo a el os domingos pola mañá. Teño para min que isto é unha homenaxe, xa póstuma, que lle podo facer.

Ana, a miña parella, as cativas, Antía e Pincho, a Cuca e o Julio, cuñadísimos, maila aboa Mariquiña, son o grupo de auditores internos permanente, en fábrica, segundo van saíndo os cadros do forno.

O Quique Vázquez (1ª auditoría externa), que nos últimos anos cómeme os miolos masivamente con que teño que expoñer, e por riba, desde Montevideo, monta una exposición coas súas esculturas na Coruña.

Falo co vello amigo Alberte Permuy e Amaia, que estes “saben”. Vinde mirar estes cadros e decídeme, ben “clarito”, se se poden colgar nunha exposición. Si, prepara trinta ou trinta e cinco mínimo, enmarcados, que do resto encárgome eu, dixo o Alberte. (2ª auditoría externa).

Mans á obra. Eu pinto, preparo e xunto cadros. O Alberte, “véndelle a moto” ao Chicho Losa, quen coa súa sabia parsimonia, pon o reloxo en marcha. Punto de “non retorno”.

Agobio final. A Lourdes Maceiras, pídolle e escríbeme unhas fermosas palabras que non se merecen tanto, o Tino Vid e o Alberto tiran unhas caralludas fotos dos cadros, e o Alberte tritúrao todo no seu maxín e crea e produce una bonita propaganda. O Chicho mais eu con Ana, repartímola entre amigos e coñecidos, a quen lles gusta e dínolo (3ª auditoría externa).

Pártome as costas co *cuelgafácil* e a alcaiata contra estas benditas paredes, Ana fai un traballo de ourivaría informática en etiquetas e listaxes..., e aquí estamos hoxe.

Moitas grazas por interesarnos, por acompañarnos, por acompañarvos, e como non podía ser doutro xeito, tomemos un viño e brindemos pola saúde de todos.